

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP *PRAIA DE QUENXE*

2018

Corcubión – A Coruña
Xuño 2018

Sumario

1. INTRODUCIÓN – MARCO LEGAL....3
2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR....5
2.1 DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO....5
2.2 DESCRICIÓN DA CONTORNA....6
2.3 ORIXE DO CENTRO ESCOLAR....6
2.4 ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAIS QUE O CONFORMAN....7
3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTUTUCIÓNS....8
3.1.SERVIZOS....8
SANIDADE E ASISTENCIA MÉDICA....8
SERVIZOS SOCIAIS....8
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS....8
TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS....8
SERVIZOS MUNICIPAIS....9
3.2. RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS....9
RELACIÓNS ESCOLA-FAMILIA....9
RELACIÓN COA ANPA....10
RELACIÓN CO CENTRO DE ADSCRICIÓN....11
RELACIÓN CO CONCELLO....11
3.2.EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES....11
3.3.UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO....12
3.4. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO....12
3.5. HORARIO....12
3.6. PROFESORADO....13
3.7. PERSOAL NON DOCENTE....13
3.8. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS....13
3.8.1. TRANSPORTE....13
3.8.2. COMEDOR....14
4. CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIS DO CENTRO....15
1.DEPENDENZAS E ESPAZOS....15
2.EQUIPAMENTO....16
EQUIPAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA....16
EQUIPAMENTO DE AUDIOVISUAIS....17
EQUIPAMENTO DE MÚSICA....17
EQUIPAMENTO DE INFORMÁTICA....18
5. CARACTERÍSTICAS ACADÉMICAS....19
5.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO....19
5.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO....19
5.3. HORARIO....19
5.4. PROFESORADO....20
7. OBXECTIVOS DO CENTRO....21
7.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO....21
7.2. ÁMBITO HUMANO....21
7.3. ÁMBITO INSTITUCIONAL....22
7.4. ÁMBITO ADMINISTRATIVO....23
7.5. ÁMBITO DE PLURILINGÜISMO....23
8. CONCRECIÓN CURRICULAR....24
8.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA....24

8.2. DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS....24
8.3. IDIOMA DE IMPARTICIÓN DAS MATERIAS....24
8.4.CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE....25
8.5. METODOLOXÍA XERAL....26
8.6. EDUCACIÓN EN VALORES....27
8.7. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....27
8.8. AVALIACIÓN....27
8.8.1. EDUCACIÓN INFANTIL *(Orde do 25 de xuño de 2009)*....28
8.8.2. EDUCACIÓN PRIMARIA *(Orde do 09 de xuño 2016)*....29
8.9. CRITERIOS DE PROMOCIÓN....30
8.10. ESTÁNDARES MÍNIMOS ESIXIBLES NAS DIFERENTES MATERIAS PARA CADA CURSO....31
8.10.1. EDUCACIÓN INFANTIL....31
8.10.2. EDUCACIÓN PRIMARIA....32
8.11. PLAN DE RECUPERACIÓN DO ALUMNADO....117
8.12. COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS....118
9. DIVULGACIÓN E APLICACIÓN....118
10. ENTRADA EN VIGOR E APROBACIÓN....119

1. INTRODUCIÓN – MARCO LEGAL

No artigo 121 da LOE e tendo en conta as modificacións introducidas nese artigo pola LOMCE, establécese que os centros deberán elaborar un PROXECTO EDUCATIVO seguindo as seguintes directrices:

- O equipo directivo elaborará o PE partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro, tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo Claustro. Posteriormente será aprobado pola dirección do centro.
- Unha copia do PE quedará na secretaría a disposición de toda a Comunidade Educativa, outro exemplar entregaráselle á ANPA e un terceiro remitirase á Inspección Educativa.
- Os apartados que se incluirán no PEC serán os seguintes:
    - Análise do contexto.
    - Obxectivos do centro.
    - Fins e intencións educativas.
    - Oferta educativa.
    - Organización xeral.
    - Concreción curricular.
    - Proxectos e Plans nos que participa o centro.
    - Relacións coas familias e institucións.
    - Documentos de referencia do centro.
- O Consello Escolar avaliará os seguintes proxectos e normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOE sendo a dirección do centro a responsable da súa aprobación.
    - Proxecto educativo.
    - Proxecto de xestión.
    - Normas de organización e funcionamento.
    - Programación Xeral Anual.
- A inspección educativa será a responsable da supervisión e o control dos programas que inciden nos centros, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE).

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Real Decreto 126/2015, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.

- Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 9 de xullo de 2016, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde ECD/65/2015, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación de educación primaria.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no derradeiro epígrafe.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

2.1 DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

- Nome.....CEIP Praia de Quenxe
- Código do centro.....15003789
- Enderezo.....Rúa Maruja Mallo, nº 18
- Localidade.....Corcubión (San Marcos)
- Código Postal.....15130
- Provincia.....A Coruña
- Teléfono..... 881 880 532
- Fax..... 881 880 534
- Correo electrónico.....ceip.praia.quenxe@edu.xunta.es
- Sitio web.....http:/centros.edu.xunta.es/praiadequenxe
- NIF.....Q6555651F
- IES adscrito.....IES Fernando Blanco - Cee
- Titularidade.....Pública
- Ensino que abarca.....2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Unidades e postos de traballo:

Unidades

ED. INFANTIL	ED. PRIMARIA	TOTAL
2(*)	6	8

(*) Actualmente hai tres unidades de Educación Infantil pero por catálogo corresponden só 2.

Postos de traballo por catálogo:

Educación Infantil: 2

Educación Primaria:5

Filoloxía Francesa:1

Filoloxía Inglesa:1

Educación Musical:1

Pedagoxía Terapéutica:1

Educación Física:1

Relixión Católica:1

Audición e Linguaxe:1 compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría

Orientación:1 compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría.

- Horario xeral:

Horario de apertura e peche do centro: 08:00 - 14:30 horas.

Horario lectivo : 9:15-14:15 horas

Horario do comedor: 14:15 – 15:00 horas

Horario de biblioteca: 15:00 – 17:00 horas

- Actividades extraescolares: 16:00 - 18:00 horas

2.2 DESCRICIÓN DA CONTORNA

O Ceip Praia de Quenxe está emprazado no concello de Corcubión, o concello máis pequeno da provincia da Coruña. Pertence á comarca de Fisterra. Está Formado por dúas parroquias (Corcubión e Redonda) e atravesado pola estrada C-552 que o comunica cos municipios limítrofes e coa capital provincial a 94 km. A vila foi declarada Conxunto Histórico-Artístico en 1985. É un concello costeiro que conta cuns 1.927 habitantes; localidade relativamente pequena (6 km²) situada en plena Costa da Morte. Corcubión é unha vila que vive basicamente do sector servizos; nela están a maioría dos servizos administrativos , autonómicos e de goberno central: xulgados, rexistro, notaría, INSS…

No verán convértese nun importante reclamo turístico (Corcubión foi nomeado no ano 2.000 “Municipio Turístico Galego”), e dispón dun reducido número de barcos adicados á pesca de baixura.

O nivel sociocultural da vila é medio.

2.3 ORIXE DO CENTRO ESCOLAR

O CEIP Praia de Quenxe foi construído entre os anos 92 e 93. Na actualidade funciona como centro de Educación Infantil e Primaria.

A orixe do CEIP "Praia de Quenxe" de Corcubión, está no Colexio Público "José Carrera" que estaba situado na praza do mesmo nome, no centro da vila.

Ante a necesidade de afrontar unha ampliación, plantexáronse dúas posibilidades:

1ª) Construír un edificio anexo ó actual, xa que este por estar no inventario de edificios histórico-artísticos non se podía reformar o actual ou ben:

2ª) Construir un novo centro dotado de tódolos servicios.

O Concello plantexouse diferentes ubicacións, sempre segundo as súas posibilidades, decidindose por último por uns terreos nunha urbanización situda na praia de Quenxe, e estes foron os terreos que se ofertaron no seu momento á Consellería de Educación para unha futura construcción. Despois de moitas xestións e entrevistas , tanto en A Coruña como en Santiago, a Consellería aprobou a construcción dun novo Centro cun presuposto de perto de 180 millóns de pesetas.

Despois de moitas xestións e entrevistas , tanto en A Coruña como en Santiago, a Consellería aprobou a construcción dun novo Centro cun presuposto de perto de 180 millóns de pesetas

- Superficie total construida: 1.550 m2
- Edificio de dúas plantas, co recinto pechado ó lado Norte, cunha terraza cuberta con vistas ó mar. (explícase a distribución no punto catro).
- Adaptación para persoas con deficiencias motóricas, como rampas de acceso etc.
- Patio cuberto de aproximadamente 1000 metros cadrados, dotado de iluminación eléctrica.

2.4 ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAIS QUE O CONFORMAN

A estrutura económica é moi sinxela e vén determinada pola función administrativa, por iso é polo que a distribución da poboación activa mostre un predominio do sector terciario. O feito de ostentar a cabeceira de partido xudicial favoreceu a existencia dunha serie de servizos como notaría, rexistro da propiedade, salas de xulgado, oficina de extensión agraria, recadación, etc. Tamén é destacable a importancia dos servizos relacionados co turismo para o cal o municipio, e en xeral toda a zona, ofrece unhas condicións naturais moi atractivas.

A economía local compleméntase con algunhas pequenas industrias que, xunto coas do concello veciño de Cee, dan emprego ao resto da poboación activa. Con relación ao porto, tradicionalmente pesqueiro e comercial, viu reducida a súa actividade a un escaso tráfico pesqueiro.

3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTUTUCIÓNS

3.1. SERVIZOS

SANIDADE E ASISTENCIA MÉDICA

- Centro de saúde de Corcubión.
- Casa do mar
- Centro de Atención Primaria
- Centro de saúde de Cee
- Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

SERVIZOS SOCIAIS

- Departamento de SS.SS. de Corcubión.
- Punto de información xuvenil.
- Servizo de axuda a domicilio.
- Cuartel de Garda Civil e Tráfico.
- Tesourería Xeral da Seguridade Social?
- Instituto Nacional da Seguridade Social?
- Xulgado 1ª Instancia
- Servizo de Correos
- Centro Social
- Servizo de Augas de Corcubión
- Servizo de Recadación Provincial
- Servizos Portuarios
- Rexistro da Propiedade

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- Polideportivo Municipal de Corcubión.
- Polideportivo Municipal de Cee.
- Piscina cuberta de Cee (actualmente pechada).
- Campo de fútbol en Corcubión.

TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS

- Autobuses de liña: Fisterra,Corcubión, Cee, A Coruña e Santiago.
- Parada de taxis: Corcubión.

SERVIZOS MUNICIPAIS

No concello de Corcubión aséntanse unha grande cantidade de servizos de toda a zona; entre eles destacamos:

- Axencia de desenvolvemento local
- Casa da Cultura
- Casa do Concello
- Cemiterio Municipal
- Gardería Infantil
- Oficina de Información Xuvenil
- Oficina virtual do Catastro
- Pavillón Polideportivo Municipal
- Policía Local
- Protección Civil
- Punto de Información ás Mulleres
- Radio Neria
- Rexistro da Administración Xeral do Estado
- Rexistro da Deputación Provincial da Coruña
- Rexistro da Xunta de Galicia.

3.2. RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

- Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, buscando sempre a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

- Poñemos especial atención na relación coas familias, co noso centro de adscrición IES Fernando Blanco, coa Anpa e co Concello no que se sitúa o colexio.

RELACIÓNS ESCOLA-FAMILIA

- A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre proxenitores/as e docentes son básicas en calquera etapa educativa.
- A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe aos nenos e nenas nunha mesma dirección.

- Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:
    - A través dunha implicación das familias no proceso educativo que conleve:
        - Un consenso familia-escola.
        - Unha comunicación fluída e constante.
    - A través do Consello Escolar, coa súa cooperación na organización do Centro.
- No que respecta á primeira vía, é dicir, á implicación das familias no proceso educativo, por parte do centro buscarase implicar ás familias por tódalas vías que sexan posibles. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:
    - Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a todas as familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividades a celebrar…
    - Apertura de portas do centro: as familias son benvidas a colaborar, participar e propoñer actividades para o alumnado, tanto a proposta do centro como por iniciativa delas mesmas: contacontos, charlas, xogos, celebracións, conmemoracións, etc.
    - Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola e para recabar datos sobre:
        - A situación socioambiental do neno.
        - Datos persoais de saúde, relación con outros nenos, xogos preferidos, relación cos adultos, cos irmáns, cos país (tempos que conviven con cada un deles).

- Ademais destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanas de titorías e atención aos país que quedan establecidas todos os luns lectivos do curso entre as 16,00 h. e as 17,00 h.

RELACIÓN COA ANPA

- As relacións coa Anpa son excelentes e a maior proba é o gran número de participantes en todas as actividades que se organizan en colaboración con eles. Forman parte imprescindible do funcionamento e do día a día do colexio, e non se entende o funcionamento do centro sen a colaboración e as iniciativas da ANPA Alén.

- Colaboran asiduamente na preparación das actividades complementarias como festivais, conmemoracións e saídas, e ademáis teñen iniciativas e propoñen actividades para todo o centro, entre as que están: o día da peonza, o día de Rosalía, colaboracións no día das letras galegas, visita do apalpador en Nadal, entre moitas outras.
- No ámbito da organización, manteñen una estreita relación co profesorado levando as súas inquedanzas ao Consello Escolar tanto por problemas de carácter pedagóxico como de conservación do edificio, material escolar …

RELACIÓN CO CENTRO DE ADSCRICIÓN

- O centro ao que estamos adscrito é o IES Fernando Blanco e atópase no núcleo poboacional de Cee.
- As relación con dito centro son totalmente cordiais e participamos, ao longo do curso, en múltiples actividades comúns organizadas a través dos centros ou a través do Concello.
- A finais de curso visitamos o centro ó que estamos adscritos co alumnado que se traslada ao mesmo, coa finalidade de establecer una xornada de acollida na que os alumnos/as visitan as instalacións e manteñen os primeiros contactos cos seus futuros compañeiros/as e docentes.

RELACIÓN CO CONCELLO

- Convocatoria de concursos dirixidos aos escolares da zona.
- Organización de actividades culturais con motivo de distintas conmemoracións.
- Organización de actividades extraescolares nas que poden participar todos os alumnos do centro.

3.2. EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES

Este Centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Inspección e da Xefatura Territorial, responsabilizándose dos posibles danos, gastos e perxuízos que se puidesen ocasionar no Centro, así como a responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas.

3.3. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

- ✓ O centro conta con nove unidades: 3 de E.I. (2 están creadas e a terceira está habilitada) e 6 de E.P.
- ✓ Hai algo máis de 100 alumn@s matriculados, aínda que esta matrícula flutúa por motivos laborais ao longo do curso, tendo en conta isto a ratio media de alumnado por aula é de 13 discentes por aula.
- ✓ Contamos cun reducido número de alumnado con necesidades educativas específicas.
- ✓ O alumnado procede basicamente do concello de Corcubión, se ben nos últimos cursos o centro ven incrementando a súa matrícula con nen@s dos concellos limítrofes de Cee e Fisterra.
- ✓ O edificio está composto de baixo, un andar e baixo cuberta. A distribución dos espazos está explicada no primeiro punto deste documento.

3.4. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

Estos criterios establécense debido a que, en función do número de alumnado que se matricule cada ano, existe a posibilidade de que se agrupe o alumnado de E.I.

Isto obríganos a escolarizar alumnos de diferentes niveis nunha mesma aula. As pautas para establecer este agrupamento serán as seguintes:

A xefatura de estudos e a docencia de Educación Infantil reuniranse a finais de curso para analizar a matrícula e decidir os agrupamentos.

De ter que repartir alumnado de 5º de E.I. entre as dúas unidades, o criterio a seguir sería a idade, o alumnado de maior idade xuntarase co de 6º de infantil e o de menor idade co de tres anos.

En todo caso, en cada aula quedará un grupo significativo de alumnos, estando a proporción condicionada polo número de alumnos matriculados nese nivel.

3.5. HORARIO

O horario lectivo do centro é de 09:15 a 14:15 horas.

O alumnado de educación infantil que se incorpore ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola.

De 15:00 h a 17:00 h a biblioteca do centro permanece aberta de luns a venres.

Todos os luns lectivos, en sesión de tarde de 16:00 h. ata as 17:00 h. realízanse tarefas de carácter titorial e atención a país/nais.

De 17:00 h a 19:00 h lévanse a cabo as reunión de traballo dos diferentes equipos.

3.6. PROFESORADO

O catálogo de postos de traballo do centro é de 14 profesores correspondendo ás seguintes especialidades:

Educación Infantil: 2

Educación Primaria:5

Filoloxía Francesa:1

Filoloxía Inglesa:1

Educación Musical:1

Pedagoxía Terapéutica:1

Educación Física:1

Relixión Católica:1

Audición e Linguaxe:1 compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría

Orientación:1 compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría.

3.7. PERSOAL NON DOCENTE

Na actualidade, o centro conta con un conserxe e dúas limpadoras, persoal dependente do Concello.

Por outra banda, os últimos dous anos contamos con unha coidadora dependente da Consellaría.

3.8. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

3.8.1. TRANSPORTE

O noso centro educativo conta con servizo de transporte escolar. A maior parte dos usuarios realizan solicitude de autorización excepcional para o seu uso. O itinerario comprende as zonas de Amarela, Redonda, O Vilar, e a Praza Castelao en Corcubión.

A porcentaxe de alumnos que utiliza o transporte escolar é de arredor do 40%.

3.8.2. COMEDOR

O CEIP Praia de Quenxe conta con servizo de comedor de xestión indirecta, que na actualidade está servico pola empresa Sala Gradin S.L.

Co cambio de xornada que tivo lugar no curso escolar 2018/2019 houbo unha importante redución no número de usuarios, e é de esperar que no futuro reduzan o número de prazas, xa que na actualidade contamos con 72 prazas de comedor para 34 usuarios e usuarias.

4. CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIS DO CENTRO

.1. DEPENDENZAS E ESPAZOS

NA PLANTA BAIXA:

- Biblioteca.
- Conserxería.
- Despacho de secretaría e dirección.
- Sala de docentes.
- Aseos de docentes.
- Aseos de nenos e nenas.
- Aseo individual.
- 5 aulas de Educación Primaria (na actualidade destinadas aos cursos de 2º a 6º)
- Aula de Pretecnoloxía (actuallmente destinada ás clases de relixión).
- Comedor.
- Cociña (con servizo de catering)
- Gabinete Médico (hoxe en día convertido no local da ANPA)
- Dous almacéns. (un frente a entrada e outro anexo ao local da ANPA).

NA PRIMEIRA PLANTA:

- Unha titoría
- Unha aula de Audición e Linguaxe.
- Unha aula de primeiro de Educación Primaria.
- Tres aulas de Educación Infantil.
- Despacho do Equipo de Orientación.
- Unha aula de Educación Musical.
- Unha aula de laboratorio, que actualmente se utiliza como aula de inglés.
- Unha aula de Pedagoxía Terapéutica.
- Unha aula de Informática.
- Servizos para o alumnado.
- Duchas para o alumnado.

NA SEGUNDA PLANTA:

- Ximnasio.

- Servizos de alumnas e alumnos.
- Unha ducha.

EXTERIOR:

O centro conta con un patio cuberto e outro descuberto aos que se accede dende a primeira planta. Ademáis, hai un parque destinado ao alumnado de Educación infantil, ainda que ao estar descuberto só é posible utilizalo durante o verán. Pola zona dianteira, conta con un pequeno xardín con árbores autóctonas plantadas polo alumnado.

OUTRAS INSTALACIÓNS UTILIZADAS HABITUALMENTE

- O alumnado de Educación Primaria utiliza o pavillón municipal para algunhas sesións na materia de Educación Física, previa coordinación horaria co concello.
- O alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria realizan anualmente unhas sesións de vela dentro da área de Educación física en colaboración coa Asociación Deportiva Carrumeiro, para o que realizan algunha sesión práctica no local antes da saída ao mar.
- O centro solicita ao concello a utilización da Casa da Cultura varias veces ao ano para a celebración de distintos festivais. (Entroido, Nadal...)
- O final de curso celébrase habitualmente en Redonda, para o que se pide ao concello a instalación dun palco e do equipo de son, e ademáis se solicita a utilización dos baños e a cociña do albergue municipal.

.2. EQUIPAMENTO

EQUIPAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Dispoñemos dun patio de recreo que conta cun campo de futbito, un minicampo de basquetbol e un patio cuberto.
- Contamos cun ximnasio con duchas e sitio de almacenaxe para o material deportivo no que atopamos: pelotas de diferentes tipos, balóns de basquetbol, futbito, volea, balonmán, balóns medicinais, aros de distintos tamaños, cordas, picas, ladrillos...
- O ximnasio conta con espaldeiras, bancos suecos, colchonetas de axilidade, trampolíns, colchonetas quitamedos, potro e plintons.

- Nas inmediacións do centro escolar contamos cun polideportivo de titularidade municipal que empregamos habitualmente para as clases de Educación Física do alumnado de maior idade.

EQUIPAMENTO DE AUDIOVISUAIS

- 2 Televisores de 25 pulgadas.
- 1 Televisor pequeno (doado pola Atlética A Silva).
- 2 Vídeos.
- 1 Láser-disc.
- 1 Proxector de diapositivas.
- 5 Reprodutores de CD.
- 3 Micrófonos (2 avariados).
- 2 Micrófonos inarámicos.
- 2 Micrófonos de ambiente.
- 2 Xogos de bafles.
- 1 Proxector de Super 8.
- 2 Pantallas de proxección.
- Diferentes fitas de vídeo, casetes, diapositivas, discos láser.
- 1 Equipo de megafonía empregado en diversas conmemoracións.
- 1 Reprodutor de D.V.D.
- 2 Cámaras de fotos dixitais.
- 1 Cámara de vídeo.

EQUIPAMENTO DE MÚSICA

A aula de música contén o material básico instrumental en bo estado de conservación xa que foi renovado fai catro anos.

- 8 Metalófonos.
- 8 xilófonos
- 12 Carrillóns.
- 1 Prato con pé de metal.
- 12 Pandeiretas.
- 5 Pares de maracas.
- 3 Toc-toc.
- 4 Xogos de crótalos.
- 1 Arquivador de 60 CD.
- 3 Xilófonos.

- 1 Xogo de timbais.
- 1 Bombo con mazo.
- 10 Pandeiros.
- 4 Triángulos.
- 3 Caixas chinesas.
- 2 Flautas Hohner.
- 1 Órgano Yamaha.

EQUIPAMENTO DE INFORMÁTICA

- 7 ordenadores na aula de informática (con conexión a Internet).
- 1 ordenador de xestión e control de acceso na aula de informática.
- 1 ordenador de xestión en Dirección.
- 1 ordenador de xestión en Secretaría.
- 1 ordenador de xestión en Xefatura de Estudos.
- 1 ordenador na sala de profesores.
- 1 ordenador portátil na biblioteca
- 1 pc na biblioteca para xestión de préstamos e emprego do profesorado.
- 1 ordenador na aula de Pedagoxía Terapéutica.
- 3 ordenadores, un por aula, en Educación Infantil.
- 6 ordenadores, un por aula, en Educación Primaria.
- 4 Ordenadores portátiles para Inglés, Educación Física, Audición e Linguaxe e Educación Musical.
- 2 impresoras de inxección de tinta.
- 1 impresoras láser.
- 2 impresoras fotocopiadoras con escáner.
- 7 ordenadores portátiles.
- 10 pizarras dixitais (aulas de 5º e 6º de E.I., 1º, 2º, 4º, 5º e 6º de EP, inglés, informática e biblioteca.)
- 1 proxector na aula de música.

5. CARACTERÍSTICAS ACADÉMICAS

5.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

- O centro conta con 8 unidades, 2 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria, ás cales durante os últimos anos se vén sumando unha unidade habilitada de Educación Infantil debido ao crecente número de alumnado matriculado.
- O número de alumnos matriculados oscila arredor dos 100, e nos derradeiros anos foi un número sempre crecente.
- A ratio media ven sendo de 10 discentes por aula, aínda que hai cursos que superan a mesma.
- Contamos con unha alumna con n.e.e. asociadas a discapacidade visual. No momento actual non temos discentes nin inmigrantes nin pertencentes a minorías étnicas.
- Os alumnos proceden da área de influencia do centro, e unha minoría, da zona de influencia dos concellos de Fisterra e de Cee.

5.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

Estos criterios establécense debido a que o centro conta con dúas unidades de E.I. para alumnos dos tres niveis educativos do segundo ciclo. Isto obríganos a escolarizar alumnos de diferentes niveis nunha mesma aula. As pautas para establecer este agrupamento serán as seguintes:

- O/a xefe/a de estudios e os/as mestres/as de E.I. reuniranse a finais de curso para analizar a matrícula e decidir os agrupamentos.
- Respectaranse as ratios establecidas pola lei establecéndose dous grupos mixtos somentes no caso de existir unha gran desproporción en canto a número de alumnado entre as dúas aulas.
- De ter que repartir alumnos do 2º nivel entre as dúas unidades, o criterio a seguir sería a idade. En todo caso, en cada aula quedará un grupo significativo de alumnos, estando a proporción condicionada polo número de alumnos matriculables nese nivel.

5.3. HORARIO

- O horario lectivo do centro é de 8,45 a 13,45 horas. O alumnado de educación infantil que se incorpore ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola.

- Todos os luns lectivos, en sesión de tarde de 15,00 h. ata as 17,00 h. realízanse tarefas de carácter titorial e atención a país/nais, e lévanse a cabo as reunión de traballo dos diferentes equipos.

5.4. PROFESORADO

O catálogo de postos de traballo do centro é de 15 profesores (máis o director que atópase en Comisión de Servizos), correspondendo ás seguintes especialidades:

- 2 Educación Infantil.
- 5 Educación Primaria.
- 1 Lingua Estranxeira: Francés.
- 1 Lingua Estranxeira: Inglés.
- 1 Educación Física.
- 1 Educación Musical.
- 1 Pedagoxía Terapéutica.
- 1 Relixión Católica, compartida coa EEI de Pereiriña e a EEI a Igrexa de Brens.
- 1 de Audición e linguaxe compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría.
- 1 Orientadora

A maior parte do profesorado cambiou constantemente durante os últimos catro anos, debido a que houbo varias xubilacións, e mestres que despóis de moitos anos concursaron para zonas máis preto das súas vivendas, e as novas prazas foron ocupadas por mestres que solicitaron comisión de servizos. Isto incide directamente na dificultade para a consecución de plans e proxectos a longo prazo, ainda que se ve mitigado porque moitos dos mestres e mestras provisionais e interinos repetiron detino no noso colexio por segundo ano consecutivo.

Tamén inflúe no aumento de responsabilidades para a minoría de mestres e mestras definitivos. Agardamos que esta situación vaia mellorando nos próximos anos ao ternos convertido nun centro de xornada continua,

7. OBXECTIVOS DO CENTRO

7.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Fomentar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e demais leis e dereitos internacionais. Facilitar no centro a vivencia dos mencionados dereitos e liberdades.
- Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.
- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.
- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.
- Desenvolver nos alumnos as seguintes competencias:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciecnia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

7.2. ÁMBITO HUMANO

- Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas.
- Educar na integración.

- Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas.
- Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
- Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- Educar para un consumo responsable.
- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudio, orde e traballo.
- Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
- Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- Desenvolver un plan de acción titorial que proporcione aos alumnos o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

7.3. ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Implicar ás familias dos alumnos no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Establecer contactos e coordinar actuacións co CPI O Cruce, centro receptor dos alumnos.
- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
- Colaborar co centro de formación do profesorado.

- Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.

7.4. ÁMBITO ADMINISTRATIVO

- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

7.5. ÁMBITO DE PLURILINGÜISMO

Ao remate da educación primaria o alumnado deberá ter un dominio do galego e do castelán que lle permita comunicarse en ambas as dúas linguas por un igual. Así mesmo, fomentaremos unha valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura. Os obxectivos que nos propoñemos no eido da normalización lingüística son:

- Acadar que os alumnos do centro teñan unha competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa…
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

8. CONCRECIÓN CURRICULAR

8.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA

Plasmaranse nas Programacións Didácticas e nas Programacións de Actividades e Tarefas que elaboramos con carácter anual.

8.2. DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS

Son as establecidas no Anexo IV do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A inicio de curso, tendo en conta a lexislación vixente ao respecto, a xefatura de estudos do centro, en colaboración co profesorado titor e os especialistas, elaborará os horarios para cada curso, tendo en conta as premisas establecidas ao respecto no NOFC, intentando sempre ser equitativos na distribución de horas e materias a impartir por cada mestre/a.

8.3. IDIOMA DE IMPARTICIÓN DAS MATERIAS

Na etapa de Educación Infantil, tal como se recolle no artigo 5 do Decreto 79/2010 de plurilingüismo, e unha vez realizada a consulta aos pais non vinculante como consecuencia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a lingua a empregar será o galego, sen prexuizo do establecido no punto 4 do artigo citado.

Con respecto a Educación Primaria, e tendo en conta o punto 3 do artigo 6, a distribución proporcional das materias a impartir en galego e/ou castelán, será a seguinte:

EDUCACIÓN ARTÍSTICA MÚSICA: En galego.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA PLÁSTICA: En galego e en inglés en 6º de primaria.

EDUCACIÓN FÍSICA: En castelán.

RELIXIÓN E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS: En castelán.

MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN: A lingua establecerase cada curso en función da elección da materia a impartir.

8.4. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias, para o decreto 105/2014, son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza á etapa educativa referente.

A contribución porcentual da áreas con respecto a cada competencia, estableceranse nas programacións específicas.

No noso centro as prioridades competenciais que debemos conseguir co alumnado ao rematar a Etapa de Educación Primaria, son as seguintes:

- COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
    - Utilizará a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregará de forma funcional a primeira lingua estranxeira.
- COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA
    - Empregará, espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información e para resolver problemas que se dan en situacións cotiás.

- COMPETENCIA DIXITAL
    - Fará uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.
    - Avaliará e seleccionará novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade, para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
    - Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.
- COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER
    - Xestionará e controlará as súas propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de autonomía persoal.
- COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

- Comprenderá a a realidade social na que vive.
- Afrontará a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en prácticas democráticas.
- Exercerá a cidadanía actuando con criterio propio.
- Contribuirá á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

- SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR
  - Imaxinará, emprenderá, desenvolverá e avaliará accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico.
  - Acadará calidades e habilidades persoais, sociais e de liderazgo.
- CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS
  - Terá adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais.
  - Adoptará unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.
  - Amosará interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

8.5. METODOLOXÍA XERAL

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe do noso alumnado.Por iso cremos oportuno que o alumno sexa protagonista activo do seu propio proceso, proporcionándolle os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

- Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese).
- De forma globalizada e secuencializada gradualmente.
- Buscaremos unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística.

A nosa metodoloxía será:

- Activa.

- Participativa.
- Individualizada.
- Socializadora.
- Motivadora.
- Potenciadora da autoestima e o éxito.

Todo iso encamiñado a conseguir que os nosos alumnos sexan:

- Responsables.
- Autónomos.
- Sociables.
- Tolerantes.
- E que aprendan a vivir en sociedade.

8.6. EDUCACIÓN EN VALORES

As accións previstas neste apartado inclúense no Plan de Convivencia do centro.

8.7. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As accións previstas neste apartado atópanse no Plan Xeral de Atención á Diversidade e no Plan Anual de Atención á Diversidade elaborados polo centro.

8.8. AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación teremos en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

Non podemos esquecer que o éxito escolar mídese polo grao de consecución das Competencias Básicas e que o esforzo para o desenvolvemento das mesmas corresponde a toda a comunidade educativa (profesorado, familias…) xa que se trata dunha tarefa compartida.

Atopámonos nun momento no que é tremendamente importante levar a cabo unha avaliación colexiada, consensuada e que nos permita obter toda a información precisa para regular os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Para acadar unha coherencia no proceso, debemos tomar acordos vinculantes e compartidos.

8.8.1. EDUCACIÓN INFANTIL *(Orde do 25 de xuño de 2009)*

A avaliación dos nenos e nenas en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares por parte dos profesionais da educación. De maneira concreta empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación	Diario Anecdotario Boletín informativo trimestral de información ás familias Rexistro de cumprimento da normas de clase Ficha persoal do alumno
Traballos de clase	Traballos individuais Diálogos e conversas na asamblea

	Participación activa nas actividades comúns e/ou colectivas
Entrevistas coas familias	Cuestionarios Rexistros

8.8.2. EDUCACIÓN PRIMARIA *(Orde do 09 de xuño 2016)*

- En cada un dos cursos, os titores/as realizarán unha avaliación inicial do alumnado que se completará coa análise dos datos e informacións recibidas do titor do curso anterior. Isto permitirá adoptar as medidas de reforzo e de recuperación para o alumnado que o precise, así como as decisións oportunas sobre a programación a elaborar.
- Ao finalizar cada curso, o profesorado que imparte cada clase a cada grupo de alumnos, levará a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación. Ademáis, o profesorado provisional que non conte con voltar para o curso seguinte, elaborará un informe individual do seu alumnado que sirva para dar referencias ao seguinte titor/a.
- O profesorado especialista que imparte clase en cada grupo e que non conte con continuar no centro tamén deixará un informe elaborado que sirva ao seguinte para dar continuidade á materia.
- Os docentes que imparten clase no curso deberán adoptar as medidas para que o cambio ao seguinte se leve a cabo coas garantías precisas de continuidade.
- As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados, serán recollidas nas actas das sesión de avaliación de final de curso.
- Avaliación censal en 3º de primaria e mostral en 6º de primaria.
    - Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada do alumnado ao finalizar o 3º curso de Educación Primaria. Esta avaliación comprobará o grao de dominio das destrezas, das capacidades e habilidades referentes á expresión, comprensión oral e escrita, cálculo, resolución de problemas, en relación co grao de adquisición das competencias lingüística e matemática. De resultar desfavorable, o equipo docente adoptará as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Ditas medidas reflictaranse en plans de reforzo e mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias.

- Ao finalizar 6º curso, realizarase unha avaliación mostral.

CNB5.1.2. Adoita identificar e explicar algúns efectos da electricidade na vida cotiá e definir que é a corrente eléctrica, e que tipo de efecto provoca ao circular por obxectos cotiás.

CNB5.2.1. Adoita buscar información sobre Thomas Edison e identificalo como o inventor da lámpada e explicar o que supuxo o invento para o desenvolvemento social e científico.

PLÁSTICA

EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas.

EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá.

EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo.

EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.

EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.).

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

VSCB1.1.1. Actúa de forma respectable e digna.

VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.

VSCB2.1.1. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións.

VSCB2.7.1.Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais.

VSCB3.2.3.Respecta as regras durante o traballo en equipo.

VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula.

VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar.

VSCB3.7.1. Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado.

VSCB3.10.1. Xulga criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

VSCB3.14.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías.

EDUCACIÓN FÍSICA

EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.

EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.

EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.

EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.

EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.

EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.

EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..

EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.

EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.

MÚSICA

EMB1.1.4.Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.2.1.Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.

EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos)

EMB1.6.1. Establece unha relación entreo o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.

EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.

EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.

EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.

EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar o produto final e fai unha avaliación crítica do resultado.

INGLÉS

Comprensión de textos orais.

- Consigue unha comprensión xeral de textos orais adaptados ó se nivel.
- Recoñece o vocabulario básico de textos orais axeitados ó seu nivel.
- Participa activamente en interaccións orais sobre temas cotidiás.
- Respecta as opinións dos outros tendo en conta o turno de palabra.
- Valora e respecta as intervencións dos seus compañeiros

Producción de textos orais.

- Exprésase de forma correcta en diferentes situacións comunicativas.
- Intervén nunha conversa pedindo e dando información.
- Respecta ós seus compañeiros cando falan.
- Produce textos orais axeitados a súa intención comunicativa
- Selecciona correctamente a información e a resume.
- Valora e respecta as ideas e crenzas dos outros
- Amosa interese por coñecer e usar as linguas da súa contorna
- Produce textos con oracións simples co ritmo e a entoación adecuada

Comprensión de textos escritos

- Entende mensaxes escritas sinxelas que aparecen nos lugares máis habituais.
- Obtén información moi básica dun medio de comunicación.
- Le de forma correcta e consigue unha comprensión global do texto
- Amosa interese por ler distintos tipos de textos escritos para a súa aprendizaxe.
- Expresa a súa opinión sobre unha imaxe xustificándoa.
- Dálle importancia á lingua escrita para comunicarse.
- Valora os textos escritos como medio de aprendizaxe
- Recoñece e utiliza as normas básicas de ortografía, puntuación e presentación nas producións escritas.

Producción de textos escritos

- Realiza producións escritas con coherencia sobre temas da súa vida cotiá.
- Produce diálogos sinxelos co léxico e aplicando as regras gramaticais estudadas
- Planifica os seus escritos con certa coherencia e co léxico, ortografía e gramática estudadas.
- Valora o uso das TIC para obter información
- Constrúe oracións comprensibles con diferentes intencións comunicativas
- Realiza producións escritas axeitadas ao seu nivel sobre sí mesmo.
- Recorre ó dicionario para aclarar dúbidas.
- Exprésase cunha grafía lexible e ordenada
- Escribe respectando as normas ortográficas na súa escrita

Coñecemento da lingua e consciencia intercultural

- Amosa interese pola cultura inglesa e coñece algúns dos seus costumes

- Adoita respectar ós seus compañeiros e participa nas conversa
- Presta atención para aprender a lingua estranxeira
- Normalmente participa en clase de forma correcta
- Pide e dá información de xeito comprensible.
- Normalmente recoñece e utiliza as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación
- Comprende e escribe correctamente sobre actividades rutinarias e de lecer.
- Adoita describir unha ilustración
- Ten poucas dificultades para describirse a sí mesmo ou a outra persoa
- Comprende e transmite como orientarse nun lugar
- Obtén e dá información preguntando e respondendo
- Constrúe oracións comprensibles e gramaticalmente correctas.
- Coñece e usa estruturas e o léxico básicas para comunicarse.
- Amosa interese polas linguas e as valora.

ESTÁNDARES MÍNIMOS 6º DE PRIMARIA

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Bloque1: Comunicación oral.

LCB1.1.2 É quen de expresar as súas ideas con certa claridade.

L.C.B.1.1.3 Participa respectuosamente no intercambio comunicativo co grupo.

L.C.B.1.3.2. Expresa algunhas ideas propias seguindo un modelo dado.

L.C.B.1.3.3. Participa en exposicións orais, con ou sen axuda das TICS.

LCB 1.3.4. Esfórzase por cooperar en situacións de aprendizaxe colectiva.

LCB 1.4.1 Manifesta un grao de seguimento acomodado na actividade diaria.

LCB 1.4.3 É capaz de captar a información xeral dun texto oral.

LCB 1.5.1 Procura utilizar un vocabulario acomodado á súa idade en distintos contextos.

LCB 1.6.3 Intenta resumir un texto distinguindo algunhas ideas principais e secundarias.

LCB 1.8.1 É quen de seguir unhas instruccións mínimas para realizar unha actividade.

LCB1.8.2 Responde correctamente preguntas sinxelas de comprensión dun texto.

LCB1.9.3 É capaz de organizar e planificar de xeito básico un discurso.

Bloque 2: Comunicación Escrita: Ler

LCB2.1.1 Le en voz alta de xeito fluído diferentes tipos de textos.

LCB2.2.1 É quen de entender a mensaxe principal e algunhas ideas secundarias dun texto lido en voz alta.

LCB2.2.2 É quen de comprender de forma xeral diferentes tipos de texto.

LCB2.3.2 É quen de facer breves resumos dun texto

LCB2.4.2 É quen de elaborar esquemas sinxelos.

LCB2.5.3 Comeza a darlle importancia aos coñecementos previos para a comprensión dun texto.

LCB2.5.5 Comeza a comprender a información dos gráficos en relación cun determinado tipo de texto.

LCB2.5.6 Interpreta de forma básica algúns tipos de esquemas.

LCB2.6.2 Le os textos que se lle propoñen.

LCB2.8.1 Deduce o significado dalgunhas palabras polo seu contexto.

LCB2.9.2 Interpreta mínimamente a información e fai un resumo da mesma.

LCB2.10.2 Expón o argumento dalgunha lectura e cita algunhas referencias bibliográficas.

LCB2.10.3 Manifesta a súa opinión sobre un texto elixido persoalmente.

BLOQUE 3: Comunicación escrita: escribir

LCB3.1.1 Escribe distintos tipos de textos.

LCB3.1.2 Escribe textos con certa coesión e respectando unhas normas básicas.

LCB3.2.1 Fai breves resumos.

LCB3.2.2 Aplica as normas ortográficas propias do nivel.

LCB3.2.3 Reproduce textos ditados con corrección.

LCB3.4.3 Comeza a elaborar informes de tipo específico.

LCB 3.5.1 Manifesta interese por escribir correctamente.

BLOQUE 4: Coñecemento da lingua

LCB4.1.1 Identifica as categorías gramaticais de cada palabra.

LCB4.1.2 Conxuga e comeza a usar con corrección os verbos.

LCB4.2.1 Comeza a identificar algúns tipos de palabras como sinónimos, antónimos, palabras polisémicas, etc

LCB4.2.2 Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.

LCB4.2.5 Identifica a oración e coñece os seus elementos.

LCB4.3.1 Utiliza o dicionario para buscar o significado das palabras e recoñece distintos tipos.
LCB4.3.3 Recoñece e comeza a aplicar as normas ortográficas nas súas producións escritas.
LCB4.4.2 Utiliza as normas de concordancia .
LCB4.4.3 Aplica as normas de acentuación e clasifica palabras dun texto. LCB4.4.4 Comeza a usar con corrección os signos de puntuación.
LCB4.4.5 Comeza a aplicar as normas de uso do til.
LCB 4.4.6 Comeza a utilizar unha sintaxe básica.
LCB4.6.2 Identifica algunhas das características das linguas oficiais de España.

BLOQUE 5: Educación Literaria
LCB5.1.1 Recoñece as características de distintos tipos de textos.
LCB5.4.1 Crea distintos tipos de textos literarios sinxelos.
LCB5.5.1 Realiza algunha dramatización.
LCB5.5.2 Memoriza textos sinxelos.
LCB5.7.1 Comeza a valorar a literatura como medio de comunicación e como fonte de gozo persoal.

<u>LINGUA GALEGA E LITERATURA</u>

BLOQUE 1: EXPRESIÓN ORAL.
LGB1.1.1 - Normalmente é quen de sacar a idea fundamental e algunha secundaria dun texto oral e facer un breve resumo.

LGB1.1.2 - Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.
.

LGB1.2.2 - Comeza a utilizar os documentos audiovisuais para preparar un determinado tema.

LGB1.3.1 - É quen de entender que algunhas expresións teñen un dobre

sentido e ás veces algunha ironía.

LGB1.4.1 - Entende a importancia de escoitar aos demais interlocutores, agardar o seu turno de palabra e responder dun xeito coherente co tema a tratar.

LGB1.4.2 - É quen de seguir unha exposición e comeza a extraer algunhas ideas máis destacadas.

LGB1.4.3 - Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.	Comeza a ver a necesidade de adecuar o discurso ás diferentes necesidades comunicativas.
LGB1.4.4 - Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.	Valorarase que teña unha participación mínima no debate establecido.
LGB1.5.2 - Respecta as opinións dos e das demais.	Entende que teñen que ser respectadas diferentes opinións.
LGB1.6.3 - Emprega unha postura e xestualidade adaptadas ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión, procurando a empatía coa persoa interlocutora.	É capaz de apreciar a importancia da xestualidade e a entoación no discurso e intenta demostralo.

Bloque 2: Comunicación escrita: ler	
LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	Comprende a información máis relevante de textos sinxelos procedentes de textos de comunicación social ou de situacións cotiás.
LGB2.1.3 - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	Selecciona a información concreta dun texto.
LGB2.2.1 - Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	É quen de interpretar e comprender a información que aportan os gráficos e esquemas relacionándoa co contido do texto.
LGB2.3.1 - Realiza o subliñado das ideas principais dun texto.	É capaz de subliñar as ideas principais con axuda.
LGB2.3.2 - Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.	É capaz de facer esquemas con axuda, indicando ideas principais e secundarias.
LGB2.3.3 - Realiza o resumo dun texto.	É quen de facer un resumo dun texto.

LGB2.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.	Utiliza as Tics para localizar información nun texto.
LGB2.6.3 - Le textos adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade	Le textos adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade.
LGB2.7.3 - Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.	Vai adecuando a velocidade e o ton de voz aos diferentes tipos de textos.
LGB2.11.2 - Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	Expresa, cando se lle pregunta, a súa opinión sobre unha lectura determinada.
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir	
LGB3.1.1 - Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais.	Planifica o seu traballo para elaborar unha tarefa.
LGB3.1.2 - Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.	Elabora textos sinxelos estruturando en parágrafos e con certa cohesión.

LGB3.1.4 - Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.	Aplica de forma básica a normativa lingüística correspondente a esta idade.
LGB3.2.5 - Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	Fai breves resumos.
LGB3.4.1 - Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas.	É quen de elaborar distintos tipos de textos e expresando neles as súas ideas.
LGB3.5.2 - Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.	É quen de empregar procesadores de textos con certa autonomía.
LGB3.7.1 - Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.	Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.

Bloque 4: Coñecemento

da lingua

LGB4.1.1 - Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.	Recoñece as categorías gramaticais traballadas neste nivel
LGB4.1.2 - Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.	Conxuga e usa as formas verbais dos verbos regulares.
LGB4.1.3 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	Diferencia sílabas e identifica a sílaba tónica.
LGB4.2.1 - Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	É quen de aplicar as normas xerais de acentuación e valora a importancia desta aprendizaxe.
LGB4.7.1 - Usa axeitadamente	Usa o dicionario seleccionando

o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.	a opción axeitada en cada caso.
Bloque 5: Educación literaria	
LGB5.2.1 - Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le en silencio distintos tipos de textos.
LGB5.2.2 - Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le en voz alta distintos tipos de textos.
LGB5.4.1 - Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.	Compón poemas e relatos a partir de modelos dados.
LGB5.5.1 - Participa activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.	Participa na dramatización de textos literarios.

<u>MATEMÁTICAS</u>

BLOQUE1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.

MTB1.4.1 Inventa e resolve problemas.

MTB1.5.1 Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución dun problema.

MTB1.5.2 Utiliza as TIC na resolución de cálculos e problemas.

BLOQUE2: Números

MTB2.1.2 Le, escribe e ordena números naturais, fraccións e decimais ata as milésimas.

MTB2.2.1 Interpreta o valor de posición das cifras.

MTB2.2.2 Recoñece os números negativos, o seu significado e asimilación en situacións cotiás.

MTB2.3.2 Redondea correctamente números decimais ata a décima, centésima e milésima máis próxima.

MTB2.3.3 Ordena fraccións transformándoas previamente en números decimais.

MTB2.4.1 Recoñece se un número é divisible por 2, 3, 5.

MTB2.5.1 Coñece e aplica a xerarquía de operacións con números naturais.

MTB2.5.2 Utiliza os números naturais enteiros, decimais e fraccionarios na resolución de problemas.

MTB2.6.1 Coñece a idea de potencia e calcula cadrados, cubos e potencias de 10.

MTB2.6.2 Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.

MTB2.6.3 Realiza operacións con números decimais: suma, resta, multiplicación e división, aproximando tamén os resultados.

MTB2.6.4 Coñece e aplica a xerarquía das operacións con números naturais.

MTB2.7.1 Identifica a porcentaxe relativa á metade (50%) cuarta parte (25%) tres cuartas partes (75%) e a totalidade (100%).

MTB2.7.4 Resolve problemas básicos da vida diaria utilizando a regla de tres.

MTB28.1. Realiza operacións con números naturais, decimais e fraccións (suma, resta de igual denominador no caso das fraccións, multiplicación e división)

MTB2.8.2 Descompón polinómicamente números naturais.

MTB2.8.3 Calcula os divisores dun número menor que 100

MTB2.12 Emprega estratexias de cálculo mental.

MTB2.9.1 Resolve problemas sinxelos con números naturais, decimais e fraccións.

MTB2.10.2 Comproba e expresa axeitadamente o resultado dos problemas, dando solucións coherentes.

BLOQUE 3: MEDIDA

MTB3.1.1 Realiza estimacións con unidades de linxitude, capacidade, masa, superficies e volumes, elixindo a unidade máis axeitada.

MTB3.1.2 Realiza medicións con unidades convencionais e non convencionais expresándoo na unidade máis axeitada.

MTB3.2.1 Realiza sumas e restas entre distintas unidades de medida.

MTB3.2.3 Compara e ordena medidas.

MTB3.4.2 Explica oralmente os procesos seguidos.

BLOQUE 4: XEOMETRÍA

MTB4.1.4 Interpreta as escalas de mapas, planos, etc.

MTB4.2.1 Clasifica triángulos segundo os seus lados e os seus ángulos.

MTB4.2.2 Realiza medicións e construcións con instrumentos de debuxo: regra, compá, escadra, cartabón...

MTB4.3.1 Distingue e calcula a área e o perímetro de rectángulo, cadrado e triángulo.

MTB4.3.2 Calcua áreas e perímetros aplicados á vida real: dunha habitación, dunha mesa...

MTB4.5.1 Interpreta planos.

BLOQUE 5: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

MTB5.2.2 Calcula media aritmética, moda e rango dunha serie de datos estatísticos.

MTB5.2.4 Analiza e interpreta os datos recollidos en distintos tipos de gráficas estatísticas: gráficas de barras, lineais e de sectores.

MTB5.4.1 Realiza estimacións sobre algúns xogos: moedas e cartas.

<u>CIENCIAS SOCIAIS</u>

Bloque 1: Contidos comúns.

CSB1.1.1 Busca información, selecciónaa, elabora conclusións e as comunica oralmente e por escrito.

CSB1.2.2 Manexa informaciónen imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e TICs.

CSB1.3.1 Normalmente emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía das ciencias sociais.

CSB1.3.2 Ten poucas dificultades para expresar oralmente contidos de carácter xeográfico, histórico e social en relación con textos estudiados.

CSB1.4.1 É capaz de realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selecicón e organización de textos de carácter xeográfico, histórico e social.

CSB1.5.2 Participa no traballo cooperativo pero ten dificultades para seguir as pautas establecidas polo grupo.

CSB1.6.1 Amosa interese pola convivencia pacífica e tolerante entre os compañeiros.

CSB1.7.1 Adoita participar na vida da aula e do centro e utiliza algunhas estratexias para resolver conflitos entre os seus compañeiros.

CSB1.7.2 Identifica os códigos de conduta da escola pero ten algunha dificultade para acatalos.

CSB1.9.1. Intenta planificar e tomar decisións nas tarefas da aula.

CSB1.10.1 Amosa unha actitude de respecto cara as opinións dos demáis e participa nos traballos en grupo.

Bloque 2: O mundo que nos rodea.

CSB2.2.1 Coñece o concepto de clima. Nomea os elementos e identifica os factores que o determinan.

CSB2.3.1 Con axuda, define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España e de Europa.

CSB2.4.1 Localiza nun mapa algunhas unidades de relevo en Europa e as súas vertentes hidrográficas.

CSB2.5.1 Identifica e describe algunhas accións humanas encamiñadas a mellorar as condicións ambientais do noso planeta.

Bloque 3: Vivir en sociedade

CSB3.1.1 Explica a grandes rasgos que é a Unión Europea, cales son os seus obxectivos políticos e económicos.

CSB3.2.1 Identifica algúns factores que inciden nos movementos de poboación.

CSB3.2.2 Interpreta con axuda unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da demografía.

CSB3.5.2 Coñece algunhas actividades relevantes dos sectores económicos, tanto en España como en Europa.

CSB3.7.1 Elabora un presuposto básico, buscando e comparando prezos para realizar un gasto ótimo.

CSB3.9.2 Identifica con algunha dificultade as características de diferentes tipos de empresas.

Bloque 4: As pegadas do tempo

4.1.1 Describe en orde cronolóxica as distintas idades da historia e os acontecementos que marcaron o inicio e o final de cada unha delas.

4.2.1 Sitúa acontecementos históricos nunha liña do tempo.

4.3.3 Explica aspectos relacionados coa forma de vida e a organización social de España nas distintas épocas históricas estudadas.

4.3.4. Explica, ainda que con algúns erros, os principais acontecementos da historia da Idade Contemporánea españiola.

CSB4.3.6 Coñece algunhas caracteríaticas da sociedade actual e valora o seu carácter democrático e plural.

CSB4.4.2 Respecta os restos históricos como patrimonio que debemos legar, e recoñece a súa importancia no coñecemento do pasado.

CSB4.4.2 Amosa un comportamento axeitado nos lugares públicos: museos, edificios antigos...

<u>CIENCIAS NATURAIS</u>

Bloque 1: Contidos comúns.

CNB1.1.1 Precisa axuda para buscar, seleccionar e organizar información, obter conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.

CNB 1.1.2 Ten algunhas dificultades ao expresar, oralmente e por escrito, contidos da área cun discurso ordenado, coherente e intelixible.

cnb1.1.3 Emprega o tratamento de textos con axuda.

CNB1.1.4 É capaz de manexar estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.

CNB1.2.1 Precisa axuda na planificación, execucióne na toma de decisións á hora de realizar as tarefas.

CNB1.3.1 Utiliza algunhas estratexias para a execución do traballo individual e en equipo.

CNB1.3.1 Con axuda, realiza proxectos sinxelos e pequenas investigacións.

CNB1.4.2 Presenta un informe sinxelo empregando soportes variados de forma individual pero ten dificultades para facelo en equipo.

BLOQUE 2: O ser humano e a saúde.

CNB2.1.1 Adoita identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.

CNB2.2.1 Adoita identificar as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor.

CNB2.3.1 Recoñece algúns estilos de vida saudables e a súa importancia no coidado do corpo.

CNB2.3.5 Coñece algunhas técnicas de primeiros auxilios en situacións simuladas.

BLOQUE 3: Os seres vivos.

CNB3.2.1 Clasifica de forma básica o reino animal, das plantas e dos fungos, nomeando as principais características desos reinos.

CNB3.2.3 Explica de forma básica a fotosíntese.

CNB3.3.1 Coñece e explica de forma xeral as relacións entre os seres vivos.

BLOQUE 4: Materia e enerxía.

CNB4.1.1 Realiza con axuda experiencias sinxelas como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.

CNB4.1.2 Realiza con axuda experiencias sinxelas para comprender as reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.

CNB4.2.1 Explica con algunha dificultade as principais características das diferentes formas de enerxía.

CNB4.2.2 Coñece algúns beneficios e riscos do uso das enerxías renovables e non renovables.

CNB4.3.2 Observa e explica con axuda os efectos da calor sobre os corpos.

CNB4.4.1 É capaz de observar os cambios de estado e a súa reversibilidade.

CNB4.4.2 Recoñece algunhas posibilidades para separar distintos tipos de mesturas.

CNB4.4.5 Adoita respectar as normas de uso, seguridade e mantemento dos instrumentos e materiais de traballo.

BLOQUE5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas.

CNB5.1.1 Normalmente identifica algunhas aplicacións das máquinas e aparellos.

CNB5.1.3 É quen de recoñecer a utilidade das máquinas nalgunhas actividades humanas.

PLÁSTICA

EPB1.1.2 Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.

EPB1.1.6 Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.

EPB1.2.6 Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.

EPB1.3.1 Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste...) que lle serven para a ilustración de textos.

EPB2.1.1 Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.

EPB2.1.3 Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.

EPB2.5.2 Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.

EPB2.5.4 Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.

EPB3.1.2 Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

VSCB1.1.2. Actúa de forma respectable e digna.

VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.

VSCB1.5.1. Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.

VSCB2.6.2.Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.

VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.

VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.

VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas do colexio.

VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.

VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.

VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades…
VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión.
VSCB3.10.1. Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

EDUCACIÓN FÍSICA

EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.
EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.

MÚSICA

EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.

EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento
EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.
EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.
EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.

INGLÉS

Comprensión de textos orais.

- Obtén información básica de anuncios sobre produtos que lle interesan
- Entende información sinxela de carteis en lugares públicos
- Obtén información de forma oral nos intercambios persoais habituais
- Entende o máis importante dunha conversa nun lugar habitual da vida diaria
- Comprende o fundamental dunha conversa sobre un tema moi coñecido
- Obtén información sobre temas cotiás e responde correctamente sobre eles de xeito oral
- Identifica a información máis relevante dos medios de comunicación.

Producción de textos orais.

- Elabora oralmente un monólogo referíndose a si mesmo, a súa familia e a súa clase, indicaando as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describe brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presenta un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); di o que lle gusta e non lle gusta, dar a súa opinión usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible

Comprensión de textos escritos

- Obtén información de comunicacións escritas presentes na sua vida cotiá
- Selecciona e entende información de comunicacións escritas sinxelas.
- Entende mensaxes sinxelas procedentes dos medios de comunicación sobre aspectos da rutina diaria
- Obtén información básica de textos escritos sobre temas coñecidos
- Recoñece o argumento dunha historia e identifica as personaxes que interveñen nela.
- Utiliza normalmente os signos ortográficos básicos

Producción de textos escritos

Produce mensaxes escritas breves para interactuar con outras persoas (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) nas que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes tema.

Coñecemento da lingua e consciencia intercultural

- Obtén información en conversas sobre temas da vida diaria, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.
- E capaz de pedir e dar información sobre aspectos fundamentais da súa vida diaria
- Mantén unha conversa en diferentes contextos da vida diaria nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións.
- E capaz de seguir unha entrevista relacionada con aspectos da vida diaria
- Valora as diferentes linguas da súa contorna

8.11. PLAN DE RECUPERACIÓN DO ALUMNADO

- Trátase de ofrecer a mellor axuda posible a un alumnado que se atopa nunha situación particular, ben por estar repetindo curso ou ben por promocionar con algunhas materias pendentes.
- No primeiro caso o alumnado non está no mesmo punto de partida cos seus compañeiros porque xa cursou o nivel. Terá adquiridos uns coñecementos determinados e terá que completalos cos que non adquiríu. Trátase de darlle máis tempo para chegar á meta, pero non de facerlle repetir o camino. O equipo docente debe coñecer este punto de partida, saber que sabe e que non sabe o alumno, posto que foi avaliado no seu momento. Tamén deberá avaliar o proceso seguido para intentar atopar outras vías alternativas que lle faciliten a consecusión dos obxectivos propostos.
- No segundo caso, trátase dun alumnado que atópase en inferioridade de condicións que o resto dos seus compañeiros: aparte de enfrontarse ás dificultades dun nivel educativo superior, faino cun desfase curricular e competencial. Polo tanto, teremos que establecer o diagnóstico para elaborar un plan axeitado ás súas necesidades. Algunhas das materias non superadas terán continuidade no novo curso e, incluso, apoiaranse en coñecementos que tería que ter adquiridos. Outras materias perden vinculación e non teñen continuidade no novo nivel, polo que teremos que facer un plantexamento diferenciado para unhas e outras.

PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO CURSO

- Partiremos do grao de adquisición dos obxectivos, competencias e aprendizaxes imprescindibles.
- Trazaremos uns obxectivos prioritarios para cada alumno e unhas orientacións pedagóxicas, que formarán parte do plan individualizado.

PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON ALGUNHA MATERIA PENDENTE

- Partiremos tamén do grao de adquisición de obxectivos e competencias, así como das aprendizaxes imprescindibles de cada área ou materia pendente de superación.

- Estableceremos un plan de traballo no que determinemos os coñecementos necesarios que deben ser adquiridos, as tarefas específicas e os espazos e tempos nos que se levarán a cabo.
- Determinaremos a responsabilidade de supervisión e os prazos para levala a cabo.

8.12. COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS

Basearémola, especialmente, na toma de decisións conxuntas sobre aprendizaxes imprescindibles e a súa gradación por niveis.

No noso centro realizarémolo a través da comisión de coordinación pedagóxica (no caso do noso centro este órgano coincide co claustro por decisión consensuada e aprobada no documento de Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia) e, con respecto ao centro de adscrición, levarémola a cabo a través de reunións periódicas coa orientadora do instituto de adscrición e coa súa directora.

9. DIVULGACIÓN E APLICACIÓN

O centro divulgará este documento por diferentes medios á comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos/as.

O presente Proxecto Educativo é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar do CEIP Praia de Quenxe dende o día seguinte da data de aprobación ata a seguinte revisión e modificación.

Realizaranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptar o PE a novas circunstancias ou a modificacións lexislativas. Estará sempre supeditado á lexislación vixente.

10. ENTRADA EN VIGOR E APROBACIÓN.

Este documento entrará en vigor ao día seguinte de ser presentado ao Claustro e ao Consello Escolar.

Con data 28 de maio de 2018 queda aprobado o presente Proxecto Educativo do CEIP Praia de Quenxe en reunión de Claustro por unanimidade dos presentes.

A presidenta do claustro | A secretaria do Caustro

Dna. Martina Trillo Sande | Dna. Bárbara Castro Vázquez

Con data 28 de maio de 2018 queda aprobado o presente Proxecto Educativo do CEIP Praia de Quenxe en reunión de Consello Escolar por unanimidade dos presentes.

A presidenta do Consello Escolar | A secretaria do Consello Escolar

Dna. Martina Trillo Sande | Dna. Bárbara Castro Vázquez.

Este documento queda aprobado por estar dirección, e para que conste aos efectos oportunos, asínase cando é Luns 28 de maio de 2017.

A directora

Martina Trillo Sande.